

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
CURSO 2021/22**

**CENTRO: IES N° 1 O CARBALLIÑO  
CURSO: 3º Eso  
MATERIA: MUSICA.  
DEPARTAMENTO: MÚSICA  
DATA: ABRIL 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 1º avaliación:</b> Os criterios establecidos na Programación Anual do Departamento de Música para o curso de 3º Eso 2021/22.</p>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 1º avaliación:</b> Se o alumno/a non supera a materia, despois da avaliación deberá realizar un exame tanto <b>teórico como práctico de recuperación destes contidos</b>. No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliación, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa.</p>
<b>2º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 2º avaliación:</b> Os criterios establecidos na Programación Anual do Departamento de Música para o curso de 3º Eso 2021/22.</p>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 2º avaliación:</b> Se o alumno/a non supera a materia, despois da avaliación deberá realizar un exame tanto <b>teórico como práctico de recuperación destes contidos</b>. No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliación, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa.</p>
<b>3º Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3º avaliación:</b> Os criterios establecidos na Programación Anual do Departamento de Música para o curso de 3º Eso 2021/22.</p>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 3º avaliación:</b> Se o alumno/a non supera a materia, despois da avaliación deberá realizar un exame tanto <b>teórico como práctico de recuperación destes contidos</b>. <u>Estas probas faranse no periodo comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, xa que formarán parte das probas de recuperación final.</u> No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliación, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa.</p>

<p><b>Cualificación final</b></p>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</b>  A cualificación obterase realizando a media aritmética das tres notas da avaliación, polo tanto, poderá ser inferior, igual ou superior á nota da terceira avaliación. Esta deberá ser maior ou igual a <b>5</b> para aprobar o curso.</p> <p><b><u>Recuperación Final</u></b>  Aqueles alumnos que non recuperen unha ou varias avaliacións deberán facer unha serie de probas de recuperación final no mes de Xuño. Estas probas serán teóricas e prácticas, e contemplarán cuestións de cada unha das avaliacións, debendo realizar o alumno/a aquelas referidas a/as avaliacións suspensas.  Así mesmo, deberán realizar unha serie de tarefas de reforzo e recuperación, dos contidos desenvolto ao longo do curso.  A ponderación destas probas e tarefas será a seguinte :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Tareas de reforzo e recuperación: 20% da nota final.</li> <li>• Probas de carácter práctico: 30% da nota final.</li> <li>• Probas de carácter teórico: 50% da nota final</li> </ul> <p>A cualificación virá determinada pola suma das diferentes porcentaxes.</p> <p><b><u>Subir nota</u></b>  Aqueles alumnos que teñan superado o curso a comenzo do mes de Xuño e desexen subir nota, poderán facelo, mediante a realización de todas as tarefas propostas neste periodo polo seu profesor e realizadas na clase, así como a realización dun traballo ou actuación musical de carácter voluntario. A ponderación destas tarefas, suplementaría ata un 10% (1 punto) máis, a nota obtida con anterioridade.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendiente</b></p>	<p><b>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendiente:</b>  <b><u>Non temos</u></b> alumnos pendentes.</p> <p><b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b></p>

**2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)**

<p><b>Metodoloxía</b></p>	<p>A metodoloxía consistirá fundamentalmente no traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas. Os alumnos/as realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, reforzar ou ampliar según os casos, os contidos desenvolto durante o curso. O traballo será guiado e supervisado polo profesor en todo momento, orientando e proporcionando toda a axuda necesaria o seu alumnado.</p>
<p><b>Actividades tipo</b></p>	<p>Neste período desenvolveranse actividades de recuperación, repaso ou reforzo dos contidos, tomando como referencia as actividades desenvolto ao longo do curso.</p> <p>Por outra banda e dependendo dos casos, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para unha parte parte do alumnado. Por exemplo, traballos sobre aspectos musicais diversos que amplien os contidos xa desenvolto. Na medida do posible deseñaránse actividades que poidan estar debidamente titorizadas.</p> <p>Como actividades tipo sinalar :</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Actividades do libro de texto non desenvolto durante o curso.</li><li>• Fichas de actividades novas, propostas polo profesor/a, .</li><li>• Traballos individuais recollidos no cuaderno de clase ou presentados en outros formatos ( aula virtual, power-point, dossieres, etc...)</li><li>• Actividades de carácter musical ( preparación e interpretación de novas partituras a través da aula virtual ou da súa gravación en video)</li><li>• Análise das audicións propostas polo profesor/a..</li></ul>

<b>Materiais e recursos</b>	<b>Materiais e recursos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Aula Virtual.</li><li>- Libro de texto.</li><li>- Fichas e cadernos de actividades.</li><li>- Partituras</li><li>- Instrumentos escolares.</li><li>- Audios e videos explicativos.</li></ul>
-----------------------------	---

